1 Recuperar Particións

1.1 Recuperar Particións

É posible que por distintas causas se perda a información da táboa de particións dun disco duro. Pero non todo está perdido, a información posiblemente poida ser recuperada.

Neste caso vaise simular un exemplo no que se perdeu a información da táboa de particións dun disco. Para iso, borrarase a partición dun disco e posteriormente mostrarase como recuperala.

Para ver a táboa de particións dun disco duro pode utilizarse calquera programa de particionamento, como por exemplo **parted** e **ranish partition manager**:

- Táboa de particións vista dende o programa de particionamento **Parted**.



- Táboa de particións vista dende o programa de particionamento **Ranish Partition Manager**:



Seguindo traballando co Ranish Partition Manager, selecciónase a partición existente e púlsase a tecla **Supr (Del)**.



A continuación hai que pulsar a tecla **F2 (Save)** para gardar os cambios no MBR e pulsar a tecla **Esc** para saír do programa.



Unha vez eliminada a partición, mostraranse a continuación os pasos necesarios para recuperar unha partición borrada.

1.1.1 Recuperar unha partición utilizando testdisk

Neste caso, para recuperar a partición utilizarase o programa **testdisk**.

Unha vez iniciado este programa, seleccionarase a opción **Create** para gardar un arquivo de rexistro:



A continuación hai que seleccionar o disco duro co cal se quere traballar. Neste caso só hai un. Pulsar na opción **Proceed** para poder traballar co disco duro elixido.



Elixir o tipo de táboa de particións coa que se quere traballar para intentar recuperar particións. Usualmente soe ser a primeira opción: **Intel**.



Agora hai que seleccionar **Analyse** para comezar a análise da estrutura das particións presentes e a procura de particións perdidas existentes:



En principio non hai ningunha partición na táboa de particións, co cal hai que pulsar en **Quick Search** para facer unha análise non profunda de procura de particións na táboa de particións.



Ante a cuestión de se se queren procurar particións creadas baixo Vista responder que Si, co cal hai que pulsar a tecla **Y**



Na análise, Quick Search atopa unha partición -e como se pode comprobar, vén sendo a partición que previamente se borrou con Ranish Partition Manager-, co cal hai que pulsar en **Enter** para continuar:



Seleccionar **Write** para gardar no disco duro a estrutura da táboa de particións atopada:



Confirmar que se quere escribir no disco duro pulsando a tecla **Y**



Sae un aviso dicindo que debemos reiniciar para que os cambios efectuados teñan efecto. Ler o aviso e pulsar **Enter** para continuar:



Seleccionar **Quit** para saír do Testdisk e **reiniciar** para que teñan lugar os cambios realizados:



Unha vez feitos todos estes pasos, a partición previamente borrada foi recuperada. Pódese comprobar voltando a facer os primeiros pasos deste apartado (ver a táboa de particionamento con diversos programas de particionamento).

--ricardofc 14 nov 2008